



OURENSE

SITUACIÓN SOCIOLABORAL

USUARIO




Poboación

Segundo o Padrón Municipal de Habitantes, eran 304.280 as persoas residentes na provincia de Ourense a finais do ano 2022 (un 0,3% menos que no ano anterior), o que vén a significar o 11,3% da poboación galega. É a provincia galega co menor número de habitantes.

A provincia de Ourense entrou hai décadas nunha espiral de perda de poboación e unha importante fenda demográfica. Cada vez os seus habitantes viven máis anos e, ao mesmo tempo, ten unha taxa bruta de natalidade moi baixa (a taxa bruta de natalidade na provincia de Ourense, é a máis baixa de Galiza, 4,59 nacementos por cada 1000 habitantes, 1 menos que de media en Galiza), unha taxa que os fluxos migratorios non son capaces de compensar.

O saldo vexetativo (nacementos – defuncións) é negativo na provincia desde o ano 1979 (en Galiza desde o ano 1987). O saldo migratorio (inmigrantes – emigrantes) é positivo desde o ano 2016, pero aínda así non se compensa o saldo vexetativo negativo, o que se traduce nunha perda de poboación constante.

Na última década, perdeu o 7,9% da poboación. De media en Galiza, durante este período, a poboación reduciuse un 3,2%.



Fonte: IGE. Padrón Municipal de Habitantes.

Á perda de poboación, hai que sumar outros factores, como o avellentamento desta, o que fai aínda máis preocupante a situación demográfica da provincia.

No que atinxe aos principais indicadores demográficos:

Principais indicadores demográficos

	Galiza		Ourense	
	2012	2022	2012	2022
<i>Poboación residente</i>	2.781.498	2.690.464	330.257	304.280
<i>Poboación nacida no estranxeiro</i>	222.456	262.221	36.064	39.141
<i>% Poboación nacida no estranxeiro</i>	8,0%	9,7%	10,9%	12,9%
<i>Poboación con menos de 20 anos</i>	438.234	418.840	43.964	40.283
<i>% de poboación con menos de 20 anos</i>	15,80	15,60	13,30	13,20
<i>Poboación de 20 a 64 anos</i>	1.707.385	1.568.994	189.321	166.930
<i>% poboación de 20 a 64 anos</i>	61,30	58,30	57,20	54,90
<i>Poboación de 65 ou máis anos</i>	635.879	702.630	96.972	97.067
<i>% poboación de 65 ou máis anos</i>	22,8	26,1	29,4	31,8
<i>Persoas de 20 a 64 anos por cada maior de 64</i>	2,69	2,23	1,95	1,72
<i>Idade media da poboación (anos)</i>	45,30	48,00	48,90	51,19
<i>Nacementos. Total</i>	21.089	14.495	1.933	1.341
<i>Defuncións</i>	30.871	34.996	4.731	5.005
<i>Saldo vexetativo total (nacementos menos defuncións)</i>	- 9.782	- 20.501	- 2.798	- 3.664

Fonte: IGE. Padrón Municipal de Habitantes.

A poboación con máis de 65 anos pasou de representar o 29,4% en 2012 ao 31,8% no ano 2022, un aumento de 3,3 puntos porcentuais en apenas unha década. Nin sequera o incremento da poboación nacida no estranxeiro, que pasou do 11,9 en 2012 ao 12,9% en 2022, freou este avellentamento.

É a provincia, dentro do Estado español, co índice de avellentamento maior, seguida de moi preto por Zamora.


Outros indicadores de interese:

- A poboación con menos de 20 anos reduciuse un décima na última década, acadando ao 13,2% do total. De media en Galiza esta porcentaxe sitúase no 15,6%.
- A idade media da poboación é de 51,2 anos; 48 anos en Galiza e 44,1 de media no Estado español.
- O número de defuncións supera en 3,8 veces o número de nacementos. No ano 2012 superábo en 2,8 veces.
- Xunto con Lugo (11,3%) e Zamora (12,2%) está entre as tres provincias con maior proporción de persoas con mais de 80 anos, concretamente o 12% no caso Ourense.
- A poboación con máis de 85 anos triplica a de menos de 4.
- Hai máis poboación con máis de 90 anos que con menos de 4.

Hai máis poboación con máis de 90 anos que con menos de 4

Con esta situación , a pirámide de poboación queda como segue.

Pirámide de poboación. Ourense.



Fonte: Elaboración propia a partir do datos do Padrón Municipal de Habitantes.

Aínda que se coñece como pirámide, no caso de Ourense deberíamos falar de pirámide invertida, xa que a maior idade, maior cantidade de poboación, e non á inversa, como debería ser.

No só a poboación máis nova é escasa, senón que se reduce a medida que baixa a idade. Menores de 4 anos é a cohorte con menos cantidade de poboación

Hai máis persoas con mais de 90 anos que con menos de 4. A medida que aumenta a idade, vai medrando o número de habitantes, pero moi levemente ata chegar aos 40 anos; a partir de aquí, a medra é importante.

Segundo o sexo, globalmente o peso das mulleres é superior. Así, o 52% dos habitantes da provincia son mulleres. Con todo, a partir dos 85 anos, o peso das

mulleres é aínda máis elevado: concretamente, o 65% das persoas con máis de 85 anos son mulleres.

O peso das persoas con máis de 85 anos (o que se coñece como sobreavellamento da poboación) é moi alto, do 12,2% na provincia. De media en Galiza na mesma franxa de idade é do 8,8%. No Estado español, sitúase no 5,9%.

De non se producir unha forte viraxe, as perspectivas a medio e longo prazo son demoledoras, xa que cada vez hai menos xente nova, e polo tanto en idade de procrear, o que vai agravar a situación actual.

Unha demografía declinante, como a que presenta nesta provincia, condena a un futuro incerto e desde logo que nada próspero.

Son diversos os factores que levaron a provincia de Ourense a esta situación, pero sen dúbida o máis determinante foi a situación económica que levou a miles de ourensáns á emigración (situación que se mantén na actualidade). Outros factores son a precariedade laboral que padecen os que continuaron vivindo na provincia, o que non lles permite, en moitos casos, independizarse; problemas de vivenda; falta de políticas de conciliación, etc.

O despoboamento da meirande parte do territorio da provincia é outra das características salientábeis. O 47% dos habitantes viven na comarca de Ourense, e un 34%, no propio concello ourensán.

En resumo, un forte declive demográfico con incidencia directa no mercado laboral.

Na distribución da poboación con máis de 16 anos, segundo a relación co actividade económica, xa se aprecian importantes diferenzas.

Mercado de traballo

Para analizarmos o mercado de traballo, imos comezar polos datos que facilita a Seguridade social, xa que non só nos permiten analizar a evolución da afiliación, senón que estes datos se desagregan por sexo, tipo de contrato e xornada, o que nos permite estudar os efectos que a última reforma laboral -a de 2021- tivo nas condicións laborais dos traballadores e traballadoras da provincia.

Afiliación á Seguridade Social

O primeiro indicador é a afiliación media por réxime no último mes de cada ano.

	<i>Total Sexo</i>			
	2021/12	2023/12	Variación Absoluta	%
<i>Todos os réximes</i>	103.191	105.582	2.390	2,3%
<i>R. xeral</i>	76.702	80.120	3.418	4,5%
<i>R.X.(S.E.AGRARIO)</i>	402	390	-11	-2,9%
<i>R.X.(S.E. EM. FOGAR)</i>	2.863	2.593	-270	-9,4%
<i>R.E.Autónomos/as (NON SETA)</i>	21.610	21.058	-552	-2,6%
<i>REG.E. Autónomos/as (SETA)</i>	1.612	1.420	-192	-11,9%

Fonte: SS

Desde decembro de 2021, aumentou a afiliación á SS na provincia un 2,3%, 2.390 persoas máis de alta laboral. No mesmo período, en Galiza o incremento medio foi do 2,9%, e do 5,1% no caso da media estatal.

Segundo réxime, só medrou a afiliación no réxime xeral, un 4,5%. Nos restantes réximes producíronse descensos importantes, tanto no de autónomos/as como no de empregada do fogar. Con esta evolución, a finais de 2023, o 76% da afiliación na provincia concéntrase no réxime xeral; hai apenas dous anos eran o 73,7% do total as persoas traballadoras dadas de alta neste réxime.

En termos absolutos, onde máis emprego se perdeu foi no réxime de autónomos/as.

É a desagregación da afiliación a este réxime, ao xeral, por tipo de contrato e xornada, o que nos permite analizar a incidencia da reforma laboral nos traballadores e traballadoras da provincia.

Afiliación ao réxime xeral da SS, por tipo de contrato e xornada.

	<i>Total Sexo</i>		<i>Variación</i>	
	2021/12	2023/12	Absoluta	%
<i>Todos os contratos</i>	76.702	80.120	3.418	4,5%
<i>INDEFINIDO-T. Completo</i>	38.106	45.684	7.578	19,9%
<i>INDEFINIDO-T. Parcial</i>	7.236	10.239	3.003	41,5%
<i>INDEFINIDO-Fixos</i>	985	1.927	942	95,6%
<i>Descontinuos</i>				
<i>TEMPORAL-T. Completo</i>	15.997	10.810	-5.186	-32,4%
<i>TEMPORAL-T. Parcial</i>	6.185	2.648	-3.537	-57,2%
<i>APREND.,</i>	1.041	797	-244	-23,4%
<i>FORMACIÓNePRÁCT.</i>				
<i>OUTROS</i>	7.153	8.015	862	12,1%

Fonte: Seguridade Social

Globalmente, produciuse unha medra da contratación indefinida e un descenso da temporal. Porén, entre as persoas afiliadas con contrato indefinido onde se produciron os maiores incrementos foi entre as persoas con contrato fixo/descontinuo, que aumentaron un 95% nos dous últimos anos. Os indefinidos a tempo parcial medraron un 41,5% e os indefinidos ordinarios un 19,9%.

Se sumamos os indefinidos a tempo parcial máis os fixos descontinuos, no ano 2021 estes supoñían o 21,5% do total das persoas con contrato indefinido, e vemos que dous anos despois acadaron o 26,6%, unha suba superior aos 5 puntos.

1 de cada 4 persoas con contrato indefinido é a tempo parcial ou fixo descontinuo.

Se, ademais de por tipo de contrato e xornada, desagregamos os datos por sexo, os resultados son máis preocupantes.

Persoas afiliadas ao réxime xeral por tipo de contrato, xornada e sexo.

	<i>Muller</i>		<i>%total</i>		<i>Varón</i>		<i>%total</i>	
	2021	2023	2021	2023	2021	2023	2021	2023
<i>Todos os contratos</i>	38.364	40.253	100,0	100,0	38.338	39.868	100,0	100,0
<i>INDEFINIDO-T. Completo</i>	15.375	18.230	40,1	45,3	22.731	27.454	59,3	68,9
<i>INDEFINIDO-T. Parcial</i>	5.357	7.346	14,0	18,2	1.879	2.893	4,9	7,3
<i>INDEFINIDO-Fixos</i>	612	1.198	1,6	3,0	373	729	1,0	1,8
<i>Descontinuos</i>								
<i>TEMPORAL-T. Completo</i>	7.844	6.283	20,4	15,6	8.153	4.527	21,3	11,4
<i>TEMPORAL-T. Parcial</i>	4.087	1.642	10,7	4,1	2.098	1.006	5,5	2,5
<i>APREND., FORMACIÓN e PRÁCT.</i>	490	352	1,3	0,9	551	445	1,4	1,1
<i>OUTROS</i>	4.600	5.202	12,0	12,9	2.553	2.813	6,7	7,1

Fonte: Seguridade Social

En xeral, hai máis mulleres dadas de alta ao réxime xeral que homes, pero, ao desagregar por contratos, aparecen as diferenzas e as fendas.

Unha reforma laboral publicitada para poñer fin, ou cando menos mitigar, a precaria situación que sofren as mulleres no mundo do traballo, logo de 2 anos da súa aplicación, compróbase que os resultados van en sentido contrario. A fenda de xénero na maioría dos indicadores aumentou; a saber:

- No ano 2023, o 66,5% das mulleres tiñan un contrato indefinido (sumando os distintos tipos de xornada); no caso dos homes, o 77,9%, 11,4 puntos porcentuais de diferenza. No ano 2021, esta diferenza -ou fenda- era de 9,6 puntos; polo tanto, aumentou un punto e medio.
- Como corolario, a taxa de temporalidade das mulleres é do 33,5%. No caso dos homes é do 22,1%.
- Tendo en conta só os indefinidos a tempo completo (o contrato en principio menos precario, xa que non só dá estabilidade no tempo senón que garante uns ingresos estábeis), apréciase que só o 45,3% das mulleres dadas de alta, na provincia de Ourense no réxime xeral, teñen este tipo de contrato. No caso dos homes, son o 68,9%, unha fenda de 23,6 puntos. En 2021 a fenda era de 19,2 puntos; polo tanto, tamén neste caso esta se incrementou.
- Os contratos fixos/descontinuos son os que máis se incrementaron neste período, un 95,6%. Este tipo de contratos, nun 62% dos casos, están asinados por unha muller. Desde o ano 2021 duplicáronse no caso das mulleres; entre os homes medraron 8 décimas. Así, só o 1,8% dos homes teñen este tipo de contrato; no caso das mulleres, a porcentaxe é do 3%.

- Os indefinidos a tempo parcial, que no ano 2021 afectaba ao 14% das mulleres fronte ao 4,9% dos homes, en 2023 aumentaron ata ser o 18,2% das mulleres e o 7,3% dos homes os que teñen este tipo de contrato. A fenda pasou, polo tanto, de 9,1 a 10,9 puntos porcentuais.

En vista destes datos vemos como a última reforma laboral non fixo máis que afondar as fortes fendas xa existentes entre homes e mulleres na provincia de Ourense.

Esta circunstancia ten un efecto directo nos ingresos da clase traballadora.

Ingresos salariais segundo as fontes tributarias.

Para a análise dos ingresos da clase traballadora en xeral, imos utilizar os datos que a Axencia Tributaria nos proporciona a través do estudo *Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias*.

Ao igual que no caso da afiliación á Seguridade Social, é unha estatística censal, é dicir, inclúe a toda a poboación afectada. Trátase, polo tanto, dunha base moi exhaustiva de información.

Nesta estatística, o salario medio calcúlase como o cociente entre as masas declaradas á Axencia Tributaria de rendementos do traballo divididas polo número de persoas perceptoras, sen ter en conta o tempo efectivo de traballo. Este feito produce un nesgo á baixa, do que se coñece como salario medio, en comparanza con outras fontes cuxo denominador é o número medio anual de persoas traballadoras. Tampouco é correcto utilizar este dato en termos de salario medio anual (SMA), senón como **ingreso medio por salario**, aínda que a propia Axencia nas estatísticas o denomina salario medio.

Convén lembrar, así mesmo, que se trata de ingresos brutos, é dicir, incluíndo as achegas á Seguridade Social e as retencións do IRPF.

Centrándonos nos datos, no que atinxe aos ingresos, de media aumentaron un 4,9% con respecto ao ano anterior, situándose en 20.355 euros brutos anuais.

Ourense é a provincia galega cos ingresos máis baixos, seguida da de Lugo.

En todo caso estamos falando de ingresos brutos en termos nominais, é dicir, sen ter en conta a inflación e incluíndo as cotizacións á SS e o IRPF.

Se a este incremento lle descontamos a inflación -que, medida a través do IPC, foi dun 5,7% de media no Estado (en Galiza aumentou un 6,4%)-, **en termos reais os ingresos por salarios diminuíron 8 décimas no último ano, de media, entre as persoas asalariadas na provincia de Ourense. De media en Galiza, medraron unha décima.**

Aínda que estes son os datos medios, non todas as persoas traballadoras sufriron a mesma perda. No cadro seguinte, onde se distribúe a poboación asalariada por tramos de ingresos en relación ao SMI, vemos a diferente evolución entre os distintos tramos de ingresos.

Distribución das persoas asalariadas segundo tramos de ingresos en función do SMI

	variación							
	Asalariados/as		Salario medio anual		P. asalariada		SMA	
	2021	2022	2021	2022	Absoluta	%	Absoluta	%
<i>Total</i>	104.833	106.235	19.398	20.355	1.402	1,3%	957	4,9%
<i>De 0 a 0,5 SMI</i>	19.711	18.379	2.919	2.997	-1.332	-6,8%	78	2,7%
<i>De 0,5 a 1 SMI</i>	19.281	19.064	10.229	10.772	-217	-1,1%	543	5,3%
<i>De 1 a 1,5 SMI</i>	26.806	29.684	16.426	17.029	2.878	10,7%	603	3,7%
<i>De 1,5 a 2 SMI</i>	15.094	15.303	23.121	24.204	209	1,4%	1.083	4,7%
<i>De 2 a 2,5 SMI</i>	8.127	8.309	29.876	31.333	182	2,2%	1.457	4,9%
<i>De 2,5 a 3 SMI</i>	7.196	7.088	36.495	38.198	-108	-1,5%	1.703	4,7%
<i>De 3 a 3,5 SMI</i>	3.577	3.529	43.189	45.184	-48	-1,3%	1.995	4,6%
<i>De 3,5 a 4 SMI</i>	1.872	1.787	49.575	51.951	-85	-4,5%	2.376	4,8%
<i>De 4 a 4,5 SMI</i>	892	894	56.639	59.271	2	0,2%	2.632	4,6%
<i>De 4,5 a 5 SMI</i>	677	647	63.138	66.213	-30	-4,4%	3.075	4,9%
<i>De 5 a 7,5 SMI</i>	1.330	1.282	78.908	82.228	-48	-3,6%	3.320	4,2%
<i>De 7,5 a 10 SMI</i>	197	186	112.935	117.662	-11	-5,6%	4.727	4,2%
<i>Máis de 10 SMI</i>	73	83	223.338	235.791	10	13,7%	12.453	5,6%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos: Mercado de Trabajo e Pensións nas Fontes Tributarias. Axencia Tributaria

O número de persoas asalariadas que declararon ingresos á Axencia Tributaria aumentou un 1,3% no ano 2022, acadando as 106.235 persoas, cun incremento de ingreso medio do 4,9%.

As modificacións máis destacables danse entre os dous extremos da táboa: onde máis descende o número de persoas asalariadas é no tramo de menos ingresos, que ao mesmo tempo é onde menos se incrementan os ingresos. Pola contra, é no tramo de maiores ingresos onde máis medra a poboación asalariada e onde máis medran os ingresos medios, o que leva a unha forte medra das desigualdades entre a clase traballadora.

No ano 2021, os ingresos dunha persoa situada no tramo superior de ingresos, máis de 10 veces o SMI, equivalía a 76 persoas no tramo de menores ingresos: un ano despois, esta equivalencia é de 1 a 78.

En termos absolutos quere dicir que hai 83 persoas cuns ingresos por rendemento do traballo en torno aos 235.000 euros, e 18.379 persoas cuxos

ingresos medios non acadaron os 3.000 euros brutos anuais. Cada vez as desigualdades son maiores.

O 35% da poboación asalariada da provincia tivo uns ingresos inferiores ao SMI.

A pesar da desigualdade existente, se o comparamos co resto da Galiza, as diferenzas son menores. Tal vez o menor dinamismo económico desta provincia explica esta situación.

Incluso a fenda salarial de xénero, moito menor nesta provincia, pode ter a explicación nesta situación .

Persoas asalariadas a SMA segundo sexo.

	<i>Asalariados/as</i>		<i>Salario medio anual</i>		<i>variación</i>			
	2021	2022	2021	2022	P. asalariada		SMA	
					Absoluta	%	Absoluta	%
<i>Total</i>								
<i>Ambos os sexos</i>	104.833	106.235	19.398	20.355	1.402	1,3%	957	4,9%
<i>Homes</i>	54.318	54.507	20.637	21.602	189	0,3%	965	4,7%
<i>Mulleres</i>	50.515	51.728	18.065	19.041	1.213	2,4%	976	5,4%
<i>Fenda salarial de xénero</i>			12,5	11,9				

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos: Mercado de Trabajo e Pensións nas Fontes Tributarias. Axencia Tributaria

A diferenza de ingresos entre homes e mulleres é moito menor nesta provincia que na media de Galiza. Neste caso, a fenda salarial de xénero sitúase no 11,9%, mentres que en Galiza, no mesmo ano, se situou no 18,7%, e cun engadido, mentres en Galiza aumentou no ano 2022, en Ourense reduciuse en 6 décimas.

Aínda así, a diferenza de ingresos entre unha muller e un home, en termos absolutos, foi de 2.561 euros brutos anuais no ano.

Un dato que amosa este menor dinamismo é sen dúbida o forte peso que teñen, na provincia, as actividades de “servizos sociais” , concretamente, o 33,4% das

persoas asalariadas declarantes de ingresos á Axencia Tributaria prestaban servizos nesta rama de actividade no ano 2022.

O 43,9% das mulleres, na provincia, traballan na rama de servizos sociais.

Nesta rama, o peso do sector público é moi importante, xa que nela están englobadas tanto educación como sanidade. Nesas dúas actividades é moi importante o peso dos funcionarios/as, xa que a maioría pertencen ao sector público. Este feito é determinante na menor fenda de xénero, xa que é unha rama altamente feminizada (concretamente o 64% do total da rama). O 43,9% das mulleres, na provincia, traballan nesta rama de actividade.

Evolución da poboación asalariada e do SMA por ramas de actividade.

	2021		2022		Variación			
	Asalariados/as	Asalariados/as	SMA	SMA	P. asalariada	SMA	Absoluta	%
					Absoluta	%	Absoluta	%
Total sectores	104.833	106.235	19.398	20.355	1.402	1,3%	957	4,9%
Sector primario	3.698	3.688	16.677	17.948	-10	-0,3%	1.271	7,6%
I. extractiva	2.285	2.127	28.403	29.325	-158	-6,9%	922	3,2%
Industria	11.632	11.752	19.293	20.391	120	1,0%	1.098	5,7%
Construción	7.706	7.598	18.400	19.271	-108	-1,4%	871	4,7%
Comercio	21.331	21.307	16.165	17.279	-24	-0,1%	1.114	6,9%
Inf e comunicacións	1.563	1.672	23.872	25.753	109	7,0%	1.881	7,9%
Entidades financeiras e aseguradoras	1.731	1.608	32.220	33.054	-123	-7,1%	834	2,6%
Servizos ás empresas	9.922	9.900	14.554	14.487	-22	-0,2%	-67	-0,5%
Servizos sociais	34.998	35.501	25.028	26.207	503	1,4%	1.179	4,7%
Outros servizos persoais e de ocio	9.967	11.082	8.283	9.895	1.115	11,2%	1.612	19,5%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos: Mercado de Traballo e Pensións nas Fontes Tributarias. Axencia Tributaria

A segunda rama de actividade, por persoas asalariadas, é a de comercio, onde o SMA apenas supera os 17.200 euros brutos anuais.

Preocupa que onde máis baixa a ocupación é na rama de maiores ingresos, “entidades financeiras”, e pola contra onde máis se incrementa é na de “outros servizos persoais e de ocio”; a rama con menores ingresos, por debaixo do SMI.

Para analizarmos outros indicadores do mercado de traballo, usamos os datos facilitados polo IGE, a través da Enquisa de Poboación Activa (EPA).

Enquisa de Poboación Activa (EPA)

Comezamos pola distribución da poboación con máis de 16 anos e a comparación coa media en Galiza.

Distribución da poboación con máis de 16 anos. Datos en miles

	2023	
	Galicia	Ourense
<i>Total</i>	2.351,40	267,8
<i>Activos/as</i>	1.251,00	130,6
<i>Poboación ocupada</i>	1.129,30	118
<i>Poboación parada</i>	121,7	12,7
<i>Parados/as que xa traballaron</i>	111	11,9
<i>Parados/as que buscan primeiro emprego</i>	10,7	0,8
<i>Poboación inactiva</i>	1.100,40	137,1

Fonte: EPA.IGE

En consonancia co descrito anteriormente, o primeiro dato destacable é o importante peso da poboación inactiva sobre a poboación con máis de 16 anos.

Se xa Galiza ten un peso elevado de poboación inactiva (46,8%), no caso da provincia de Ourense esta porcentaxe é do 51,2%, polo que supera, polo tanto, a poboación activa. A distribución desta poboación inactiva vémosla a continuación.

Poboación inactiva por clase principal de inactividade. Datos en miles

	<i>Total</i>		<i>Variación</i>	
	2021	2023	Absoluta	%
<i>Total</i>	139,2	137,1	-2,10	-1,5%
<i>Estudiantes</i>	16,2	18,2	2,00	12,3%
<i>Retirados/as, xubilados/as e pensionistas</i>	91,5	93,1	1,60	1,7%
<i>Labores da casa</i>	19,5	15,3	-4,20	-21,5%
<i>Outros</i>	11,3	9	-2,30	-20,4%
<i>Non sabe. Non contesta</i>	0,8	1,5	0,70	87,5%

Fonte: EPA.IGE

A principal causa de inactividade das persoas na provincia de Ourense é a de ser xubiladas ou pensionistas; concretamente o 68% das persoas alegan isto como causa da inactividade. Con respecto a 2021, medrou este colectivo en 1.600 persoas, un 1,7% máis que hai dous anos.

Como positivo, cómpre salientar a medra dos e das estudantes, un 12,3% máis que no ano 2021, aínda que en termos absolutos a medra foi de 2.000 persoas.

As persoas como amas de casa tamén sofren un importante retroceso desde o ano 2021, concretamente son un 4,2% menos.

Analizamos a continuación como evolucionaron as principais variables laborais que nos facilita a EPA (Enquisa de Poboación Activa).

Principais variables. Datos en miles

	<i>Ourense</i>		<i>Variación</i>	
	2021	2023	Absoluta	%
<i>Total</i>	268,6	267,8	-0,80	-0,3%
<i>Activos</i>	129,4	130,6	1,20	0,9%
<i>Poboación ocupada</i>	115,1	118	2,90	2,5%
<i>Poboación parada</i>	14,3	12,7	-1,60	-11,2%
<i>Inactivos</i>	139,2	137,1	-2,10	-1,5%

Fonte: EPA.IGE


A poboación activa aumentou en 1.200 persoas desde o ano 2021, medra que foi absorbida pola poboación ocupada que aumentou en 2.900 persoas, mentres que a poboación parada descendeu un 11,2%, o que equivale a 1.600 persoas paradas menos.

Centrándonos na poboación activa:

Poboación activa

Desde o ano 2012, a poboación activa descendeu un 8,45%. A evolución foi como segue:


Evolución poboación activa. Datos en miles.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EPA. IGE

Desde o ano 2012 ata o 2020, a caída foi elevada. A partir deste ano, produciuse unha leve recuperación, e no último ano medrou en 100 persoas. O incremento prodúcese pola medra da poboación activa feminina; a masculina continúa descendendo.

Poboación activa segundo sexo. Datos en miles



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da EPA. IGE

A presenza de homes no mercado laboral ourensá cada vez é menor. Así, desde o ano 2012 descendeu un 14,7% a súa presenza. Pola contra, a poboación activa feminina mantense, e mesmo nos últimos catro anos experimentou unha medra importante. Así, o número de mulleres é semellante a dos homes no ano 2023.

En Galiza, de media, aínda que a tendencia é a mesma, as mulleres aínda son inferiores aos homes en 2023.

Nesta evolución, a chegada de inmigrantes ten un efecto significativo. Desde o ano 2021, a evolución é como segue.

Poboación activa segundo sexo e nacionalidade. Datos en miles.

	Variación			
	2021	2023	Absoluta	%
Total	129,4	130,6	1,2	0,9%
Homes	67,6	65,5	-2,1	-3,1%
Mulleres	61,8	65,1	3,3	5,3%
Española e dobre nacionalidade				
Total	120,3	118	-2,3	-1,9%
Homes	63,1	58,8	-4,3	-6,8%
Mulleres	57,2	59,2	2	3,5%
Estranxeira: Total				
Total	9,1	12,6	3,5	38,5%
Homes	4,5	6,7	2,2	48,9%
Mulleres	4,6	6	1,4	30,4%

Fonte: EPA.IGE

A poboación activa incrementábase grazas á chegada de persoas inmigrantes. No caso dos homes, nin o incremento da poboación estranxeira masculina (un 48,9% máis, 2.200 homes máis que no ano 2021) é capaz de compensar a caída dos nados no Estado español ou con dobre nacionalidade, que descenden en 4.300. Así, globalmente, desde o ano 2021 hai un 3,1% de homes menos en activo.

No caso das mulleres aumentou a súa presenza no mercado de traballo tanto entre as estranxeiras (aumentaron un 30,4%) como no resto (3,5% máis), o que en conxunto supón un 5,3% máis de mulleres en activo.

O que non se frea, nin coa chegada de inmigrantes, é o avellentamento da poboación.

Poboación activa segundo sexo e idade.

			<i>Variación</i>	
	2021	2023	Absoluta	%
<i>Ourense</i>				
Total	129,4	130,6	1,2	0,9%
<i>De 16 a 24 anos</i>	6,5	5,3	-1,2	-18,5%
<i>De 25 a 34 anos</i>	23,1	23,4	0,3	1,3%
<i>De 35 a 44 anos</i>	33,8	30,8	-3	-8,9%
<i>De 45 a 54 anos</i>	38,3	39,2	0,9	2,3%
<i>De 55 e máis anos</i>	27,6	31,9	4,3	15,6%
Homes				
Total	67,6	65,5	-2,1	-3,1%
<i>De 16 a 24 anos</i>	4	3	-1	-25,0%
<i>De 25 a 34 anos</i>	12,4	11,1	-1,3	-10,5%
<i>De 35 a 44 anos</i>	17,7	15,5	-2,2	-12,4%
<i>De 45 a 54 anos</i>	20,4	20	-0,4	-2,0%
<i>De 55 e máis anos</i>	13,1	15,9	2,8	21,4%
Mulleres				
Total	61,8	65,1	3,3	5,3%
<i>De 16 a 24 anos</i>	2,5	2,4	-0,1	-4,0%
<i>De 25 a 34 anos</i>	10,8	12,2	1,4	13,0%
<i>De 35 a 44 anos</i>	16,1	15,3	-0,8	-5,0%
<i>De 45 a 54 anos</i>	17,9	19,3	1,4	7,8%
<i>De 55 e máis anos</i>	14,5	16	1,5	10,3%

Fonte: EPA.IGE

Só aumenta a poboación activa entre as persoas maiores de 45 anos. No ano 2021 a poboación activa con máis de 45 anos era o 51% da poboación total;


apenas dous anos despois a porcentaxe aumentou ata o 54,4%. Con todo, as diferenzas por sexos en 2023 non eran significativas (54,8% no caso dos homes, 54,2% no das mulleres), o que si se aprecia é que entre os homes está aumentando a maior velocidade.

Pola contra, só o 21,9% da poboación activa ten menos de 35 anos; no ano 2021 esa porcentaxe era o 22,8%.

Poboación ocupada

A evolución da poboación ocupada na última década, foi como segue.

Poboación ocupada. Datos en miles.



Fonte: *Elaboración propia a partir dos datos da EPA. IGE*

A crise financeira dos anos 2008/09 tivera unha forte incidencia na caída do emprego na provincia de Ourense. De feito, ata o ano 2014 non comezara a medrar novamente a ocupación. Porén, a crise provocada pola covid-19, en termos de emprego, non tivo incidencia na provincia; todo o contrario, xa que incluso este se incrementou durante o devandito período. Posibelmente o menor dinamismo económico ou o maior peso do sector de servizos sociais, entre outros factores, poden explicar esta evolución.

Desde o ano 2021, a evolución da ocupación foi como segue. Comezamos diferenciando segundo sexo.

Poboación ocupada segundo sexo.

	Ourense		Variación	
	2021	2023	Absoluta	%
Total	115,1	118	2,9	2,5%
Homes	60,7	59,4	-1,3	-2,1%
Mulleres	54,4	58,6	4,2	7,7%

Fonte: EPA.IGE

Ao igual que ocorre coa evolución da poboación activa, o incremento da poboación ocupada débese exclusivamente á medra da ocupación entre as mulleres. Nestes dous últimos anos, aumentou a ocupación feminina un 7,7%, mentres que entre os homes descendeu un 2,1%.

Xa case hai tantas mulleres con emprego na provincia que homes.

Comparando co resto de Galiza, aínda que a medra de persoas empregadas é maior entre as mulleres, tamén entre os homes se produciu un incremento da ocupación.

Na evolución da ocupación, ao igual que no da poboación activa, a poboación inmigrante foi determinante.

Poboación ocupada por nacionalidade. Datos en miles

	Variación			
	2021	2023	Absoluta	%
Total	115,1	118,0	2,9	3%
Española	104,6	101,6	-3,0	-3%
Española e dobre nacionalidade	3,9	6,8	2,9	74%
Estranxeira	6,5	9,5	3,0	46%

Fonte: EPA.IGE

Só aumentou a ocupación entre a poboación inmigrante, tanto de estranxeiros como de dobre nacionalidade; entre a poboación con nacionalidade do Estado español descendeu, concretamente un 3%, o que en termos absolutos implica 3.000 persoas menos ocupadas.

Entre a poboación con dobre nacionalidade (a maioría fillos/as ou netos/as de galegos no estranxeiro), a poboación ocupada aumentou un 74%, 2.900 persoas máis.

A medra da poboación estranxeira, en termos absolutos, foi máis numerosa, 3.000 persoas máis, as mesmas que se perderon do Estado español.

O peso dos inmigrantes na poboación ocupada medrou 3,8 puntos. No ano 2021 representaba o 9% da ocupación; de media en 2023 subiu ata o 13,8%.

Sería importante coñecer a distribución desta poboación ocupada, inmigrante, por sexo, pero non dispomos dos datos.

Ourense é a provincia con maior peso da poboación ocupada, ben con nacionalidade estranxeira ou con dobre nacionalidade, de Galiza, o 13,8%. Pola súa parte, a media en Galiza é do 10% en 2023.

A chegada de inmigrantes tampouco non freou o avellentamento da poboación ocupada.

Poboación ocupada segundo idade.

Ourense

	2021	2023		
<i>Total</i>	115,1	118	2,9	2,5%
<i>de 16 a 19 anos</i>	0,2	0,2	0	0,0%
<i>de 20 a 24 anos</i>	4,8	3,5	-1,3	-27,1%
<i>de 25 a 29 anos</i>	8,9	8,6	-0,3	-3,4%
<i>de 30 a 34 anos</i>	10,6	12,5	1,9	17,9%
<i>de 35 a 39 anos</i>	14,8	12,4	-2,4	-16,2%
<i>de 40 a 44 anos</i>	16,1	15,7	-0,4	-2,5%
<i>de 45 a 49 anos</i>	18,2	19,2	1	5,5%
<i>de 50 a 54 anos</i>	17,2	16,8	-0,4	-2,3%
<i>de 55 a 59 anos</i>	14,1	14,5	0,4	2,8%
<i>de 60 a 64 anos</i>	8,6	12,1	3,5	40,7%
<i>de 65 e máis anos</i>	1,6	2,6	1	62,5%

Fonte: EPA.IGE

O 24,7% da poboación ocupada ten máis de 55 anos.

O grao de avellentamento da poboación ocupada na provincia é altamente preocupante. Preto de 1 de cada 4 traballadores/as, ten máis de 55 anos. Esta poboación vaise xubilar, maioritariamente, na próxima década, e sen relevo xeracional para facer fronte a este declive.

Se collemos o intervalo de idade, a partir dos 45 anos, temos que o 55,2% da poboación ocupada supera esta idade, uns 3,4 puntos máis que no ano 2021.

Só hai 3.700 persoas menores de 25 traballando na provincia.

Polo que atinxe á distribución da poboación por ramas de actividade e sectores, os datos son os seguintes:

Poboación ocupada por ramas de actividade. Datos en miles

	Ourense		Variación	
	2021	2023	Absoluta	%
		115,1	118	2,9
S primario	6,7	5,4	-1,3	-19,4%
<i>Agricultura e gandería</i>	6,7	5,2	-1,5	-22,4%
<i>Pesca</i>	0	0,2	0,2	-
Industria	19,6	16,4	-3,2	-16,3%
<i>Ind extractivas</i>	1	1,5	0,5	50,0%
<i>Ind. manufactureira</i>	17,5	13,7	-3,8	-21,7%
<i>Enerxía</i>	1,1	1,2	0,1	9,1%
Construción	8,2	8	-0,2	-2,4%
Servizos	80,5	88	7,5	9,3%
<i>Comercio</i>	16,9	17,8	0,9	5,3%
<i>Transporte</i>	4,8	5,5	0,7	14,6%
<i>Hostalaría (55, 56)</i>	7,9	8,8	0,9	11,4%
<i>Act de inf, finans, inmob e profesionais</i>	11,8	11,9	0,1	0,8%
<i>Admón. pública; seguridade social</i>	9	9,9	0,9	10,0%
<i>Educación</i>	8,1	8,9	0,8	9,9%
<i>Act sanitarias e de servizos sociais</i>	14,5	14,2	-0,3	-2,1%
<i>Resto de servizo</i>	7,5	11	3,5	46,7%

Fonte: EPA.IGE

Todo o emprego que se creou na provincia desde o ano 2021 foi no sector servizos; o resto dos sectores, que xa de seu tiñan pouco peso, cada vez a súa incidencia na economía provincial é menor.

O sector servizos acolle o 74,6% de toda a ocupación na provincia. Dentro deste, a rama de comercio é a que presenta un nivel de ocupación maior; son 17.800 as persoas ocupadas nesta rama, un 5,3% máis que hai dous anos.

Actividades sanitarias e servizos sociais é a segunda de maior presenza dentro do sector servizos, a pesar de que no último ano descendeu un 2,1% o emprego na mesma. Foi na única rama deste sector onde descendeu a ocupación desde o ano 2021.

A rama onde máis medrou a ocupación neste período foi no resto dos servizos, onde se estima un 46,7% máis de empregados e empregadas que no ano 2021.

Nos dous últimos anos, apréciase unha medra do emprego no transporte, feito que no resto de Galiza xa se viña producindo desde a pandemia, mais non así no caso desta provincia. Esta evolución está en consonancia cos cambios de hábito no consumo que se está producindo en xeral, onde as compras non presenciais están sendo cada día máis comúns, co conseguinte incremento do transporte. Tamén o transporte de persoas medrou nos últimos anos.

A continuación está o sector industrial, onde se empregan o 13,9% dos ourensáns; no ano 2021 ocupaba o 17%; son polo tanto 3 puntos porcentuais menos en só dous anos. Todo o emprego que se perdeu no sector industrial foi na industria manufacturera (3.800 persoas empregadas menos); na industria extractiva medrou a ocupación en 500 persoas.

O sector primario e construción tamén continúan perdendo peso.

Segundo a situación profesional, a evolución da poboación ocupada foi como segue:

Poboación ocupada segundo categoría profesional.

	Ourense		Variación	
	2021	2023	Absoluta	%
<i>Total</i>	115,1	118	2,9	2,5%
<i>Emp con asalariados/as</i>	6,7	6,2	-0,5	-7,5%
<i>Traballador/a independente ou empr sen asalariados/as</i>	14,2	14,1	-0,1	-0,7%
<i>Membro de cooperativa</i>	0,1	0,2	0,1	100,0%
<i>Axuda familiar</i>	0,3	0,2	-0,1	-33,3%
<i>Asalariado/a sector público</i>	26,3	27,8	1,5	5,7%
<i>Asalariado/a sector privado</i>	67,4	69,4	2	3,0%
<i>Outra situación</i>	0,2	0	-0,2	-100,0%

Fonte: EPA.IGE

Só aumenta a poboación asalariada, tanto no sector público como no privado; no resto das categorías profesionais, descende a ocupación.

Con esta evolución, a poboación asalariada representa o 82,7% da poboación ocupada total; no ano 2021 era do 81,4%.

A xornada laboral é, xunto coa temporalidade, un indicador da precariedade.

Poboación ocupada segundo tipo de xornada e sexo. Datos en miles

	2021	2023	Variación	
			Absoluta	%
<i>Total</i>				
<i>Homes</i>	60,7	59,4	-1,3	-2,1%
<i>Mulleres</i>	54,4	58,6	4,2	7,7%
<i>Total</i>	115,1	118	2,9	2,5%
<i>Completa</i>				
<i>Homes</i>	57,1	55,7	-1,4	-2,5%
<i>Mulleres</i>	43,9	47,9	4	9,1%
<i>Total</i>	101	103,6	2,6	2,6%
<i>Parcial</i>				
<i>Homes</i>	3,6	3,6	0	0,0%
<i>Mulleres</i>	10,5	10,7	0,2	1,9%
<i>Total</i>	14,1	14,4	0,3	2,1%

Fonte: EPA.IGE

Con respecto a 2021, medrou tanto a ocupación a xornada completa como a parcial, pero máis as ocupacións a xornada completa.

Segundo o sexo, as diferenzas son importantes: toda a perda de emprego masculina eran empregos a xornada completa ; a xornada parcial mantívose no caso dos homes.

O 74,3% das persoas traballadoras a xornada parcial son mulleres.

Entre as mulleres, medrou a ocupación en ambos os tipos de xornada.

Con esta evolución:

- O 12,2 das persoas ocupadas están a xornada parcial.
- O 74,3% das persoas a xornada parcial son mulleres.
- O 18,2% das mulleres están a xornada parcial
- Só o 0,6% dos homes con emprego en Galiza están a xornada parcial.

Poboación parada

No que atinxe á poboación parada, en consonancia coa medra da ocupación, prodúcese un descenso desta, o cal afecta en maior medida aos homes que as mulleres.

Poboación parada segundo sexo. Datos en miles.

	<i>Total</i>		<i>Variación</i>	
	2021	2023	Absoluta	%
<i>Total</i>	14,3	12,7	-1,6	-11,2%
<i>Homes</i>	7	6,1	-0,9	-12,9%
<i>Mulleres</i>	7,3	6,5	-0,8	-11,0%

Fonte: EPA.IGE

Aínda que sen grandes diferenzas, o paro baixou lixeiramente máis entre os homes que entre as mulleres: en 900 persoas entre a poboación masculina e en 800 entre as mulleres.

Así, as taxas de paro quedan como segue:

Taxa de paro segundo sexo.

	<i>2021</i>	<i>2023</i>
	Ourense	
<i>Total</i>	11	9,7
<i>Homes</i>	10,3	9,4
<i>Mulleres</i>	11,9	10,1

Fonte: EPA.IGE

A taxa de paro media sitúase no 9,7% da poboación activa. Hai dous anos, en 2021, afectaba ao 11%.

A taxa de paro feminina é superior á masculina. Mentres entre as mulleres en activo están paradas o 10,1%, no caso dos homes son o 9,4%, 7 décimas de diferenza. No ano 2021 a diferenza era de 1,6 puntos.

Pensións e pensionistas.

O número de persoas cobrando unha pensión na provincia de Ourense é moi elevado, a pesar de que desde o ano 2021 só aumentou nun 0,7%. En total, son 107.712 as que recibiron algunha pensión no ano 2023. O número supera o de afiliados/as á seguridade social.

Pensionistas e pensión media segundo clase de pensión.

Ourense						
	Número		Importe medio		variación	
	2021	2023	2021	2023	Número	Importe
<i>Incapacidade permanente</i>	11.000	11.669	922,68	1.025,96	6,1%	11,2%
<i>Xubilación</i>	67.064	67.232	846	984,75	0,3%	16,4%
<i>Viuvez</i>	24.867	24.779	546,91	626,2	-0,4%	14,5%
<i>Orfandade</i>	2.771	2.830	404,56	448,14	2,1%	10,8%
<i>Favor familiares</i>	1.214	1.202	506	585,06	-1,0%	15,6%
<i>Total clases</i>	106.916	107.712	769,02	888,17	0,7%	15,5%

Fonte: *Pensións e outras prestacións. IGE*

O importe medio aumentou un 15,5% en dous anos, acadando os 888,17 euros mensuais.

O maior número de pensións son por xubilación, concretamente o 62,6%, cun importe medio de 984,68 euros, un 16,4% máis que hai dous anos.

As persoas pensionistas por unha incapacidade permanente son as que perciben os maiores importes por pensión, concretamente 1.025,96 euros en 2023. Este colectivo foi o que máis se incrementou neste período, un 6,1%. É na única provincia galega onde a pensión por incapacidade supera a de xubilación.

As pensión de viuvez son as segundas máis numerosas, concretamente o 22,4% en 2023; o seu importe medio apenas supera os 600 euros, pese a que medrou un 14,5 nos dous últimos anos.

O forte peso das mulleres pensionistas por viuvez fai que o número de mulleres cobrando algunha pensión supere o de homes.

Pensionistas e importe medio segundo sexo e clase.

	Número			Importe medio (euros)		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
	2023	2023	2023	2023	2023	2023
<i>Ourense</i>						
Total	107.712	48.444	59.268	888,17	1.064,90	743,72
<i>Incapacidade permanente</i>	11.669	7.280	4.389	1.025,96	1.093,28	914,3
<i>Xubilación</i>	67.232	36.586	30.646	984,75	1.135,58	804,69
<i>Viuvez</i>	24.779	2.595	22.184	626,2	437,37	648,29
<i>Orfandade</i>	2.830	1.510	1.320	448,14	445,08	451,65
<i>Favor familiares</i>	1.202	473	729	585,06	582,27	586,88

Fonte. Pensións e outras prestacións. IGE

O 91,6% das pensións por viuvez na provincia de Ourense son percibidas por unha muller. O importe tan baixo destas deixa nunha situación de alta vulnerabilidade a esas mulleres, se esa é a única fonte de ingresos, como ocorre nunha parte importante dos casos.

Tamén é na única clase, onde o importe medio cobrado por unha muller supera o ingresado por un home. A explicación é sinxela: os menores salarios que perciben as mulleres fai que, en caso de falecemento, as pensións que xeran tamén son cativas.

A fenda de xénero das pensións é do 30,2% na provincia de Ourense.

No resto das clases, o importe percibido polos homes supera o das mulleres. Así, de media a fenda de xénero das pensións sitúase no 30,2%, ou o que é o mesmo, as mulleres de media teñen unhas pensión un 30,2% inferiores ás dos homes.

No que atinxe as pensións non contributivas, para aquelas persoas que ben non cotizaron, ou non cotizaron o tempo suficiente para ter dereito a unha contributiva, así como pola súa precaria situación económica, perciben algunha prestacións de subsistencia na provincia de Ourense, son 6.718 as persoas receptoras dalgún tipo destas prestacións.

Pensións non contributivas.

	<i>Galiza</i>	<i>Ourense</i>	<i>% Ourense</i>
	2022	2022	
<i>Pensións non contributivas da Seguridade Social [...]</i>	36.985	5.227	14,1
<i>LISMI [...]</i>	193	23	11,9
<i>FAS [...]</i>	2	1	50,0
<i>RISGA</i>	6.247	643	10,3
<i>AIS</i>	3.283	824	25,1
<i>Total</i>	46.710	6.718	14,4

Fonte. Pensións e outras prestacións. IGE

O peso das pensións non contributivas é superior ao peso da poboación ourensá en Galiza, se ben acolle o 11% da poboación, no caso das pensión non contributivas, o 14,4% correspóndense con persoas que residen nesta provincia.

Estamos a falar de pensións con importes medios ou baixos, no que o peso das mulleres está en torno ao 60%. Outro indicador máis da alta vulnerabilidade das mulleres.

Tecido produtivo.

En xeral son 24.948 as empresas con actividade na provincia de Ourense no ano 2022, último dato dispoñible, un 3% menos que no ano 2019.

Empresas con actividade en Ourense, segundo actividade principal

	<i>Total</i>		<i>Variación</i>	
	2019	2022	Absoluta	%
<i>S primario</i>	3.118	3.168	50	1,6%
<i>I extractiva</i>	65	59	-6	-9,2%
<i>I, manufactureira</i>	1.886	1.740	-146	-7,7%
<i>Enerxía</i>	64	60	-4	-6,3%
<i>Auga e saneamento</i>	43	35	-8	-18,6%
<i>Construción</i>	4.038	3.734	-304	-7,5%
<i>Comercio</i>	5.774	5.268	-506	-8,8%
<i>Hostalaría</i>	2.596	2.362	-234	-9,0%
<i>Información e comunicación</i>	224	233	9	4,0%
<i>Ac., financeiras</i>	549	578	29	5,3%
<i>Act. Inmobiliarias</i>	756	819	63	8,3%
<i>Act. Profesionais</i>	2.240	2.281	41	1,8%
<i>Act. Administrativas</i>	655	698	43	6,6%
<i>Administración pública</i>	112	111	-1	-0,9%
<i>educación</i>	747	765	18	2,4%
<i>Sanidade e ser. Sociais</i>	1.015	1.063	48	4,7%
<i>Act. Artísticas</i>	493	543	50	10,1%
<i>Outros</i>	1.332	1.431	99	7,4%
Total	25.707	24.948	-759	-3,0%

Fonte: Directorio de empresas e unidade locais. IGE.

Comercio, seguido de empresas da construción, son as empresas con maior peso na provincia de Ourense, a pesar de ser as que máis se reduciron, en termos absolutos, desde o ano 2019.

Concretamente o 20% das empresas pertencen á rama do comercio, a pesar de haber 506 menos que no ano 2019. En só tres anos, reduciuse a actividade comercial nun 8,8%. Aínda que este é un fenómeno moi común en toda Galiza, pola perda de poboación, proliferación de grandes superficies comerciais, compras a distancia..., tamén é certo que modifica a idiosincrasia dun país, sobre todo se vai parello, como é o caso, a un descenso da hostalaría.

Tanto na construción como na industria, sexa extractiva ou manufactureira, descende o tecido produtivo.

No sector primario, increméntase lixeiramente o tecido empresarial, ao medrar en 50 empresas desde o ano 2019.

No sector servizos, salvo en comercio e hostalaría xa comentados anteriormente, prodúcense leves medras, onde destaca actividades inmobiliarias, servizos sociais...

No que atinxe a evolución segundo número de persoas asalariadas:

	<i>Ourense</i>		<i>Variación</i>	
	2019	2022	Absoluta	%
<i>Total</i>	26.937	25.791	-1.146	-4,3%
<i>de 0 a 2 asalariados/as</i>	22.282	21.174	-1.108	-5,0%
<i>de 3 a 5 asalariados/as</i>	2.519	2.453	-66	-2,6%
<i>de 6 a 9 asalariados/as</i>	938	928	-10	-1,1%
<i>de 10 a 19 asalariados/as</i>	645	622	-23	-3,6%
<i>de 20 a 49 asalariados/as</i>	395	451	56	14,2%
<i>de 50 a 99 asalariados/as</i>	118	115	-3	-2,5%
<i>de 100 a 249 asalariados/as</i>	29	37	8	27,6%
<i>250 ou máis asalariados/as</i>	11	11	0	0,0%

Fonte: Directorio de empresas e unidade locais. IGE.

En concordancia coa desaparición de empresas do comercio e hostalaría, normalmente con poucos empregados/as; ao distribuír as empresas segundo o número de persoas asalariadas, é no grupo de entre 0 e 2 persoas asalariadas onde desaparecen a maioría das empresas neste período.

Aínda así, o 82% das empresas con actividade na provincia teñen dúas ou menos de dúas persoas asalariadas, o que amosa a gran atomización do tecido produtivo da provincia.

Con máis de 250 traballadores/as, só hai 11 empresas en toda a provincia.

Natividad López Gromaz

Gabinete Técnico Confederal